



IES Isidro Parga Pondal

Rúa Muíño da Pintura, 4. 15100, Carballo. A Coruña.

Teléfono: 881880371

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesisidropargapondal>

Educación básica para persoas adultas

A educación básica para as persoas adultas organízase en dúas etapas:

a) Ensinanzas básicas iniciais (EBI)

Nivel I ou de alfabetización, para adquirir habilidades básicas de lectura, escritura e cálculo.

Nivel II ou de consolidación de coñecementos e habilidades.

Horario: 12 horas semanais, distribuídas entre as 17h e as 22h.

b) Ensinanzas conducentes á obtención do título de graduado en secundaria obrigatoria

Estrutúrase en catro módulos e comprende dous anos académicos:

Primeiro ano: Módulo 1, primeiro cuadrimestre; Módulo 2, segundo cuadrimestre
Segundo ano: Módulo 3, primeiro cuadrimestre; Módulo 4, segundo cuadrimestre

Destinatarios/as: maiores de 18 anos; con 18 anos cumpridos antes do 31/12 do curso académico para cursar os módulos 1 ou 3; con 18 anos cumpridos antes do 30/4 do curso académico para cursar os módulos 2 ou 4. Maires de 16 anos con contrato laboral ou deportista de alto rendemento.

Acceso:

Mediante proba, o alumnado que non poida acreditar estudos realizará unha proba de avaliación inicial coa finalidade de asignarlle o nivel axeitado. Validación de estudos, segundo os estudos realizados aplicaranse as validacións establecidas. Promoción entre distintos niveis.

Horario:

20 horas semanais entre as 17h e 22h, de luns a xoves.

Acreditación

Ao termo destas ensinanzas expedirase o título de graduado en educación secundaria ao alumnado que acade os obxectivos xerais establecidos.

Bacharelato para persoas adultas

Destinatarios/as: maiores de 18 anos; con 18 anos cumpridos antes do 31 de decembro do curso académico. Maires de 16 anos con contrato laboral ou deportista de alto rendemento.

Requisitos académicos:

- Título de graduado en educación secundaria obrigatoria.
- Título de técnico en formación profesional de grao medio.
- Título de técnico deportivo tras cursar as ensinanzas deportivas de grao medio.
- Título de técnico auxiliar de formación profesional de primeiro grao.
- Ter aprobado 2º de BUP ou con dúas materias non superadas no conxunto dos dous cursos.
- Ter superados o estudos do primeiro ciclo do programa REM (reforma de ensinanzas medias).
- Ter superados os cursos comúns dos estudos de artes aplicadas e oficios artísticos.

Matrícula:

Prazo de inscrición do 1 ao 15 de setembro (despois do 7 de setembro con limitación de optativas).

Horario:

Ensinanzas presenciais.
Con carácter xeral entre as 17h e 22.30h, de luns a venres.

Acreditación

Ao termo destas ensinanzas expedirase o título de bacharel ao alumnado que acade os obxectivos xerais establecidos.

Aula Mentor

É unha iniciativa conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Ministerio de Educación, que ofrece **formación aberta e de calidade a través de internet**. A principal vantaxe é a súa flexibilidade. O alumno/a comeza o curso cando o desexa, tendo ademais a posibilidade de elixir o seu propio itinerario formativo e de marcar o seu ritmo de traballo, desde o centro, ou desde o propio domicilio.

A duración dos cursos varía entre as 30 e 200 horas, que poden chegar a realizarse en dous meses. Unha vez superado o curso, obtense un certificado do Ministerio e a Consellería válido para presentar como mérito en concursos e oposicións.

O **catálogo de máis de 150 cursos** pretende dar resposta a un amplo perfil de alumnado: persoas interesadas en actualizar a súa formación técnica, mellorar a súa formación profesional, aumentar o seu nivel cultural, ou simplemente ocupar o tempo de ocio. Entre os máis demandados, encóntranse cursos tan diversos como os de "**Iniciación á contabilidade**", "**Información turística**", "**Nutrición**", "**Desenvolvemento de aplicacións para Android**", "**HTML 5**", "**Iniciación a Office**", ou "**Educación infantil**".

O catálogo completo pódese consultar en www.aulamentor.es